

Con data de hoxe o concelleiro delegado titular da Área de Recursos Humanos, Deportes, Turismo e Novas Tecnoloxías mediante delegación da Alcaldía Presidencia conferida por resolución de data 16/06/2016 (BOP 28/06/2016)

“O día 13/11/2015 publicaronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 218 as Bases de selección para a cobertura interina, dunha praza de Técnico/a de Medio Ambiente encadrada na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, bases aprobadas por resolución da concelleira delegada titular da Área de Economía, Facenda, Emprego e Recursos Humanos con data 09/11/2015.

A base 7ª relativa ao desenvolvemento do proceso selectivo, no seu apartado 2 relativo á fase de oposición establece, con respecto do 1º exercizo, literalmente o seguinte:

“1º exercicio: consistirá en contestar un cuestionario tipo test de 60 preguntas e 6 de reserva con tres respuestas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo I.

A duración máxima de esta prueba será de 90 minutos.

Este exercicio terá carácter obligatorio e eliminatorio. O exercicio será cualificado de 0 a 20 puntos máximo, sendo necesario acadar unha puntuación de 10 puntos para o superar, dado o seu carácter eliminatorio. Cada pregunta correcta puntuará 0,5 puntos”

Con data 05/07/2016 o secretario do Tribunal Cualificador achega ao Servizo de Recursos Humanos un escrito por medio do cal se pon de manifesto a incoherencia da citada redacción e se solicita a súa aclaración.

Revisado o parágrafo transcrito se detecta un erro xa que se cada pregunta correcta ten un valor de 0,5 puntos e hai 60 preguntas a puntuación máxima será de 30 puntos.

O instrumento da rectificación de errores constitúe unha vía legal dirixida a subsanar, de maneira directa, eficaz e sen suxección a procedemento ningún, meras equívocacións que afecten aos elementos accidentais do acto administrativo coa finalidade de que un simple erro material, de feito, ou puramente aritmético, produza efectos desorbitados como supoñería a súa depuración a través da formalidade dos procedementos de revisión.

O artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, (LRJPAC) segundo a redacción dada pola lei 4/1999, de 13 de xaneiro, establece que as Administracións Públicas poderán, asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A competencia para efectuar a rectificación de errores materiais corresponderá ao mesmo órgano da Administración autor do acto obxecto de corrección, pois é o mesmo artigo 105.2 da LRJPAC o que confire ás Administracións a potestade de rectificar os erros existentes nos seus actos. Será dito órgano, pois, a quien corresponda promover de oficio a rectificación, e a quien o interesado haberá de dirixir a súa pretensión para rectificar, no caso de promoverse esa rectificación a instancia de parte.

Polo exposto, propoñémoslle a vostede a adopción da seguinte resolución:

Rectificar as bases de selección para a cobertura interina, dunha praza de Técnico/a de Medio Ambiente encadrada na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, concretamente na súa base 7ª apartado 2 respecto do 1º exercizo que quedará coa redacción que de seguido se cita:

“1º exercicio: consistirá en contestar un cuestionario tipo test de 60 preguntas e 6 de reserva con tres respuestas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo I.

A duración máxima de esta prueba será de 90 minutos.

Este exercicio terá carácter obligatorio e eliminatorio. O exercicio será cualificado de 0 a 30 puntos máximo, sendo necesario acadar unha puntuación de 10 puntos para o superar, dado o seu carácter eliminatorio. Cada pregunta correcta puntuará 0,5 puntos”

O que lle comunico para o seu coñecemento e para os efectos oportunos, facéndolle saber que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro (BOE de 14/01/99). Isto sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao desta notificación e na forma que establece o art. 45 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa (BOE DE 14/07/98).

Ferrol,
O secretario xeral

